

Cuestións de preparación e de reflexión. Platón. Psicología platónica.

- 1) ¿Existe a alma? No caso de existir: ¿é inmortal? Xustifica a túa resposta mediante un argumento.
- 2) ¿Que relación manteñen entre si a alma e o corpo? ¿Forman unha unidade ou son dous elementos distintos e irreconciliables? ¿Que é ante todo o ser humano: alma ou corpo, ou unha composición destes dous elementos?
- 3) ¿As necesidades, apetencias, ou demandas do corpo son “vicios”? ¿O corpo é algo impuro? ¿Que doutrinas coñeces que asocien o corpo con impureza e vicio?
- 4) ¿Pensas que existen dúas partes no ser humano: racional e animal? ¿Cres que existe un conflito entre a parte racional ou espiritual e a parte animal ou biolóxica do ser humano? ¿Ou, pola contra, pensas que se poden harmonizar ambas partes? Razoa a resposta e pon exemplos extraídos da literatura ou o cine que dean conta desta visión dualista do home.